

Convocatoria da Sesión Ordinaria do Pleno Municipal para o 29 de xullo de 2024 (PLENO 10/2024)

Conforme ó ordenado pola Alcaldía, por resolución número 2109/2024 de 23 de xullo, e de acordo co previsto no art. 3.2 a) do R.D. 128/2018, como membro do seguinte órgano colexiado deste Concello, convócaselle á **sesión Ordinaria do Pleno** que terá lugar no Salón de Plenos do concello de Carballo o **día 29 de xullo de 2024 ás 20:30 horas**, en primeira convocatoria, e, de non haber “quórum” suficiente, en segunda convocatoria dous días despois á mesma hora.

Asi mesmo informáse que a documentación dos asuntos que figuran na convocatoria, está a súa disposición desde a data da convocatoria na Sede Electrónica do concello de Carballo, no PORTAL DE CARGOS ELECTOS.

Sesión de: Pleno

Data da sesión: 29-07-2024

Convocatoria: Sesión

Hora: 20:30 h.

1.- Aprobación do convenio polo que se establecen as bases de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos de A Laracha, Cabana de Bergantiños, Carballo, Cee, Coristanco, Dumbría, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Ponteceso, Vimianzo e Zas, para regular o proxecto “Parque Arqueolóxico do Megalitismo na Costa da Morte” 2024. (CIRIAX de 23/07/2024)

2.- Determinación dos festivos locais no termo municipal de Carballo do calendario laboral para o ano 2025. Aprobación. (CIRIAX de 23/07/2024)

3.- Modificación puntual número 10 do PXOM. Cambio de cualificación urbanística dos equipamentos denominado “Pista deportiva de Gontade e EEI Gontade”. Aprobación inicial. (CIPUM de 23/04/2024)

4.- Modificación da ordenanza fiscal n.º 22: Taxas pola utilización das instalacións deportivas municipais e prestación de servizos deportivos. Aprobación. (CIFEC de 23/07/2024)

5.- Contrato de servizo público, baixo a modalidade de concesión, que ten por obxecto a recollida de lixo, transporte, punto limpo e canceira do concello de Carballo. Inicio de procedemento de incoación de penalidades. (CIFEC de 23/07/2024)

6.- Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 2/2024 2ª FASE, GASTO CORRENTE” da Deputación Provincial da Coruña. Aprobación. (CIFEC de 23/07/2024)

7.- Seguimento de órganos de goberno:

7.1.- Resolucións da Alcaldía

7.1.1.- Dación de conta do Decreto 2065/2024. Solicitud POS+ ADICIONAL 2/2024, 1ª fase para investimentos financeiramente sostibles, xa incluídos no Plan Complementario ao POS+2024, coa aplicación da maior achega provincial asignada para o POS+ADICIONAL 2/2024. Aprobación.

7.1.2.- Dación de conta das resolucións ditadas entre o día 26/06/2024 nº 1745 e o día 19/07/2024, nº 2099.

7.2.- Acordos da Xunta de Goberno Local

7.2.1.- Dáse conta dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local en sesións ordinarias de 17 de xuño e 1 de xullo respectivamente.

CONCELLO DE CARBALLO
C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2024/G010/000010

7.3.- Rogos e preguntas

Documento asinado dixitalmente, en Concello de Carballo, na data que figura ao marxe.

Secretaria Accidental
Susana Mariño Lorenzo